

AGOSTO 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Agosto 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
VIAXEIROS	12.523.973	1,5%	634.123	-10,1%
NOITES	46.393.669	-0,6%	1.498.095	-7,3%
ESTADÍA MEDIA	3,70	-2,0%	2,36	3,1%
% OCUPACIÓN	76,30%	-0,88	64,98%	-1,86
% OCUPACIÓN Fds	77,86%	-1,92	69,25%	-3,38

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de agosto rexístrase unha caída dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados –un 10,1%- e o volume de noites –un 7,3%-.
- Tal circunstancia rompe cunha tendencia positiva de crecemento da demanda nos últimos cinco anos. En particular, logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012, o volume de pernoctacións recupérase en agosto de 2013 –un 7,9%- como paso previo aos crecementos rexistrados en 2014 –do 4,8%-, en 2015 –do 8,0%-, en 2016 –do 4,7% e en 2017 –do 6,0%-. O descenso de agosto deste 2018 coloca o nivel final en preto de 1,5 millóns de noites –cifra inferior á de 2016 e 2017 mais superior á serie anterior-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é equivalente, rompéndose en 2018 a tendencia positiva rexistrada nos cinco anos anteriores e que levaran a colocar o volume final en máis de 700 mil en agosto do pasado ano. O descenso deste 2018 sitúa o nivel en pouco máis de 134 mil viaxeiros aloxados –a cifra máis baixa dos últimos catro anos-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de máis de 71 mil viaxeiros aloxados e de preto de 118 mil noites en relación ao mes de agosto do pasado ano.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un leve incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 1,5%- máis unha caída do volume de noites –do 0,6% neste caso- froito dun descenso da estadía media –do 2,0%-.
- Obsérvase un comportamento dispar da demanda hoteleira a nivel das comunidades autónomas. Neste mes o volume de noites sobe e mellora en oito delas sendo Estremadura unha vez máis o destino de mellor comportamento relativo, isto é, a comunidade que presenta o incremento de maior intensidade –cunha suba do 6,6%-. Seguen en orde de importancia Cantabria –cun crecemento do 5,5%- e Castela A Mancha –cunha suba do 4,3% neste caso-.
- No lado contrario é Castela e León o destino que presenta o crecemento máis moderado, de apenas medio punto.
- En tres destinos mantense estable o nivel de demanda –Balears, País Vasco e a C. Valenciana- mentres que seis son os que presentan un comportamento negativo, isto é, os que rexistran unha

caída da demanda en relación ao pasado ano. Murcia rexistra o descenso máis moderado, de menos do 1% interanual, mentres que Galicia rexistra a caída de maior intensidade, do 7,3% neste caso.

- En termos de viaxeiros aloxados o ranking é semellante, con variacións de diferente dirección e intensidade. Cantabria lidera neste caso o incremento a nivel estatal –cunha suba próxima ao 12%- mentres que, no lado contrario, é Galicia o destino de peor comportamento relativo – rexistra a caída de maior intensidade cun 10,1% neste caso-.
- A nosa comunidade é, por tanto, o destino de peor comportamento relativo neste oitavo mes do ano, circunstancia que afecta tanto á cifra de viaxeiros aloxados coma ao volume de noites. Tal circunstancia acontecera xa no pasado mes de xullo. O verán, por tanto, sitúa a Galicia no destino coas caídas de maior intensidade nos niveis de demanda hoteleira.
- Baleares –con preto de 10,9 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de agosto –absorbendo o 23,5% do total estatal-. É o cuarto mes consecutivo no que se produce tal circunstancia pois ata abril era Canarias o destino de maior volume e peso no conxunto da demanda hoteleira estatal –lideraba o mercado hoteleiro en temporada baixa-.
- Logo de Baleares, seguen en orde de importancia neste mes Cataluña –con preto de 8,7 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con case 7,3 millóns de pernoctacións-, Canarias –con 6,9 millóns-, a C. Valenciana –con máis de 3,9 millóns- e Madrid –con pouco máis de 1,9 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 85% do total da demanda hoteleira de España. O 15% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste mes a sétima posición –xusto por detrás das seis anteriores- representando o 3,2% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento semellante dos tres grandes segmentos, con caídas de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- descende un 2,4% neste mes de agosto como consecuencia dun descenso da estadía media nun contexto no que a cifra de viaxeiros residentes sobe un 1,8%. Tal circunstancia contrasta cos incrementos rexistrados nos dous anos anteriores, en 2015 e 2016, e sitúa o volume final en máis de 273 mil noites –a cifra máis baixa dos últimos tres anos-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento negativo, cun descenso do 9,2% no volume de noites en relación ao pasado ano 2017 –consecuencia da caída paralela da cifra de viaxeiros españois, do 13,4% neste caso-. Este descenso contrasta coas subas rexistradas nos anos anteriores –de 2013 a 2017- e sitúa o volume final de noites do mercado receptor nacional en pouco máis de 935 mil neste mes de agosto –a cifra máis baixa dos últimos tres anos tamén neste caso-.
- O turismo internacional presenta tamén un descenso da demanda en relación ao pasado ano. A cifra de viaxeiros aloxados cae un 11,3% e o volume de pernoctacións un 5,5%, contribuíndo desta maneira ao comportamento negativo da demanda.
- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos cinco anos anteriores, con subas do 9% en agosto de 2013, do 13% en 2014, do 15% en 2015, do 3% en 2016 e do 4%

en 2017. Esta caída sitúa o nivel final en máis de 289 mil noites –tamén a cifra máis baixa dos últimos tres anos-.

- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 19,3% do total da demanda hoteleira, cifra baixa como corresponde a un mes de temporada alta pois no verán tradicionalmente o segmento de maior volume e peso é o receptor nacional –representa neste mes de agosto o 62,4% do total das noites hoteleiras-. O mercado interno absorbe neste caso ao 18,3% do total da demanda.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento negativo da demanda hoteleira, con caídas xeneralizadas de diversa intensidade. A Coruña e Lugo son as provincias de peor comportamento relativo pois presentan o descenso máis acusado, do 9,2% na primeira e do 8,5% na segunda. En Pontevedra a caída sitúase no 6,0% mentres que Ourense rexistra o descenso máis suave, menos acusado –do 2,6% neste caso-. En todas as provincias a caída da demanda provén dun descenso do volume de viaxeiros aloxados agás no caso de Ourense onde o motivo reside nun empeoramento da estadia media.
- Con preto de 700 mil noites hoteleiras, Pontevedra é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 46,6% do total-. Acontece tal circunstancia por segunda vez neste ano pois ata o mes de xuño é A Coruña a provincia de maior peso en Galicia –neste mes absorbe ao 37% do total das noites hoteleiras-. Ambas, por tanto, representan case o 84% do total da demanda hoteleira da comunidade, cifra equivalente á de xullo e superior á que se rexistra noutros momentos do ano. Acentúase, por tanto, a concentración da demanda nas provincias do litoral atlántico nos meses do verán en relación ao resto do ano.
- A estadia nos hoteis e pensións de Galicia incrementábase neste mes de agosto –un 3,1%-, situándose en case 2,4 noites de media. É o cuarto ano consecutivo no que mellora a estadia media neste oitavo mes do ano, rompendo coa serie de caídas consecutivas desde practicamente o 2009. Estes incrementos permitiron mellorar en dúas décimas a cifra de agosto de 2015 –cando quedaba en 2,15 noites-. Con esta mellora o sector hoteleiro acadou a cifra de estadia media máis elevada dos últimos oito anos.
- A estadia media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 7,5 noites de media, mentres que Estremadura rexistra a cifra máis baixa, con 1,6 noites neste caso.
- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída paralela da oferta dispoñible, se ben con menor intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 4,4%-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación do sector –en particular, cae en 1,9 puntos porcentuais para situarse no 65,0% de media-. Descende o nivel de ocupación logo de rexistrar melloras consecutivas nos últimos cinco anos, circunstancia que coloca o dato deste ano no segundo máis alto desde o 2005 –só por detrás do valor acadado xustamente no pasado 2017-.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste mes a sétima cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado –por diante de Aragón, A Rioxa, Madrid, Castela e León, Estremadura e Castela A Mancha-. Baleares é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 90,3% en agosto. Seguen Canarias –cun 85,3%- e logo Cantabria, Cataluña e o País Vasco –todas cunha cifra próxima ao 80%-. A media do conxunto de España sitúase no 76,3%.

- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación varía de forma dispar a nivel das comunidades autónomas sendo maioría nas que se mantén estable ou descende. Sobe e mellora en catro delas – Estremadura é o destino de incremento máis destacado, de máis de catro puntos-, mantense estable en sete delas e descende nas seis restantes. A Rioxa marca neste mes o descenso máis acusado, de máis de cinco puntos porcentuais neste caso.
- As tarifas hoteleiras en Galicia soben neste oitavo mes do ano –un 3,7% en particular- situándose en 71,0 euros de media –cifra que se coloca nunha posición intermedia en relación ás restantes comunidades autónomas-. Mellora a súa posición en relación ao primeiro semestre do ano, sobre todo en comparación cos primeiros meses cando Galicia rexistraba sempre a tarifa máis baixo do conxunto do Estado.
- Baleares é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de agosto con 132,3 euros de media –por cuarta vez neste ano Canarias non ocupa este lugar-. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Andalucía –con 120,6 euros-, o País Vasco –con 110,0 euros- e Cataluña –con 109,7 euros neste caso-. Son catro as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda levemente por encima dos 107 euros de media.
- Os prezos hoteleiros varían de forma dispar nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría aquelas nas que melloran en relación ao pasado ano. Asturias é o destino que presenta o incremento máis destacado cun 5,9%, seguido de Baleares e País Vasco –cun 4,5% en ambas-. Mantéñense estables en catro destinos e descenden en tres: Murcia, Cataluña e Madrid –un 4,8% nesta última-.
- A caída dos niveis de ocupación neste mes de agosto –froito dun descenso da demanda superior á caída da oferta-, vese levemente contrarrestada polo incremento das tarifas hoteleiras, circunstancia que leva a que os establecementos hoteleiros de Galicia melloren suavemente os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2017 –o RevPAR sobe un 1,3% ata situarse en 47,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis elevada da década que ao mesmo tempo se sitúa como a quinta máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Baleares –con 120,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de agosto, sitúanse por diante das restantes comunidades entre as que destacan Andalucía e o País Vasco –ambas por encima dos 93 euros-.
- En termos dinámicos obsérvase igualmente un comportamento dispar a nivel das comunidades autónomas sendo maioría as que presentan cifras positivas. Os niveis de rendibilidade hoteleira melloran en trece destinos sendo neste caso Estremadura o que amosa o incremento máis notable, do 13,2% en relación ao pasado ano. Descenden en cambio nos catro destinos restantes sendo Madrid a comunidade coa caída máis acusada, do 10,6% neste caso.

ACUM. AGOSTO 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Acum. Agosto 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
VIAXEIRO S	72.058.445	0,7%	2.835.306	-8,4%
NOITES	236.430.954	-0,7%	5.799.624	-5,4%
ESTADÍA MEDIA	3,28	-1,4%	2,05	3,3%
% OCUPACIÓN	61,39%	-0,80	39,35%	-0,32

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- Nos primeiros oito meses deste ano 2018 Galicia rexistra unha caída dos niveis de demanda hoteleira en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados –un 8,4%, acadando máis de 2,8 millóns- e o volume de noites –un 5,4% neste caso, con 5,8 millóns no conxunto da comunidade-.
- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos cinco anteriores. Logo das caídas rexistradas no bienio 2011-12, a demanda hoteleira consegue mellorar no acumulado a agosto de 2013 –un 1,9%- con carácter previo aos incrementos do 4,2% en 2014, do 9,5% en 2015, do 6,1% en 2016 e do 7,2% en 2017. A caída deste ano rompe esta dinámica e coloca o nivel final en 5,8 millóns de noites –cifra obviamente inferior á do pasado ano máis superior a toda a serie anterior-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é paralela rexistrando neste 2018 máis de 2,8 millóns no conxunto da comunidade, cifra inferior á dos dous anos anteriores mais superior á serie anterior neste caso.
- En termos de volume a variación tradúcese na perda de 261 mil viaxeiros aloxados e de preto de 333 mil pernoctacións en relación ao conxunto dos primeiros oito meses de 2017.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un leve incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 0,7%- mais descende en paralelo o volume de noites –un 0,7% neste caso- como consecuencia dun descenso da estadía media. Son en todo caso variacións pouco significativas que falan máis ben de certa estabilidade dos niveis de demanda en relación ao pasado ano.
- O comportamento da demanda a nivel das comunidades autónomas é moi dispar neste período de oito meses. En particular, sobe e mellora en dez delas –sendo Estremadura o destino que rexistra o crecemento máis intenso, do 6,4% en relación ao pasado ano-. No lado contrario é a C. Valenciana o destino de crecemento máis moderado, inferior ao 1% interanual.
- A demanda mantense estable en Baleares e cae nas seis comunidades restantes, con menor intensidade en Asturias –un 1,2%- e de forma máis acusada en Galicia –cunha caída do 5,4% neste caso-.

- Similar comportamento se observa no lado dos viaxeiros aloxados, onde se aprecian variacións dispares. Once delas melloran as cifras do pasado ano –encabezando Estremadura e Cantabria o ranking cun incremento do 6,2% en ambas-, mantense estable en Canarias e Cataluña e descende nas catro restantes –sendo Galicia o destino coa caída máis notoria, do 8,4% neste caso-.
- Así pois, no acumulado ata o mes de agosto Galicia marca o peor comportamento relativo da demanda a nivel estatal, rexistrando os descenso máis acusados tanto na cifra de viaxeiros aloxados coma no volume de noites.
- Canarias –con máis de 46,2 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste período –absorbendo o 19,6% do total estatal-. Seguen en orde de importancia Baleares –con case 43,5 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con máis de 40,5 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con preto de 37,3 millóns-, a C. Valenciana –con case 20,5 millóns- e Madrid –con 16,0 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 86% do total da demanda hoteleira de España. O 14% restante repártese no resto do territorio destacando Galicia por encima das restantes -ocupa neste período a oitava posición, por detrás de todas as anteriores, representando o 2,5% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento algo diferente dos grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- mantense estable en relación ao pasado ano. O leve descenso da cifra de viaxeiros –do 0,6%- compénsase cunha mellora paralela da estadía media que consegue estabilizar o volume de noites. Son variacións de baixa intensidade que en todo caso permiten manter as cifras de 2017 logo de rexistrar incrementos nos catro anos anteriores. O nivel final deste período de oito meses sitúase en preto de 1,5 millóns de noites –a segunda cifra máis elevada da década-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta en cambio un comportamento negativo cun descenso do 7,3% no volume de noites hoteleiras –provocado en grande medida pola caída da cifra de viaxeiros españois, do 10,5% neste caso-. O descenso deste ano rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos desde o 2013 e deixa o nivel final en 3,0 millóns de noites –a segunda cifra máis elevada desde o 2010-.
- O turismo internacional presenta tamén un comportamento negativo neste período. O volume de pernoctacións cae un 6,5% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 12,1%, nun contexto de mellora da estadía media.
- Este descenso rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos cinco anos anteriores, circunstancia que permitira acadar máximos históricos xustamente en 2017 con máis de 1,4 millóns de noites. A caída deste 2018 sitúa o nivel final en preto de 1,34 millóns de noites, a segunda cifra máis elevada da serie histórica.
- Máis da metade da demanda hoteleira corresponde ao turismo receptor nacional, segmento de maior peso neste período –representa en sentido estrito o 51,7% do total-. O mercado interno representa o 25,2% mentres que o internacional supón o 23,1% do total –cifra que tamén descende en relación ao pasado ano-.

- A nivel territorial obsérvase un comportamento relativamente paralelo da demanda hoteleira. O volume de noites consegue estabilizarse só na provincia de Ourense mais cae nas tres provincias restantes: un 7,1% en A Coruña, un 5,7% en Lugo e un 4,5% en Pontevedra.
- Con preto de 2,37 millóns de noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 40,8% do total-.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 2,05 noites, cifra que supera nun 3,3% o dato do mesmo período do pasado ano. É o terceiro ano consecutivo no que mellora a estadía media na nosa comunidade, conseguindo recuperar parte do perdido nos seis anos anteriores.
- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible, de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 4,5%-. Tal circunstancia ten como consecuencia que descenden suavemente os niveis de ocupación do sector –en particular 0,3 puntos- ficando no 39,35% de media para o conxunto dos primeiros oito meses deste ano.
- Rómpese a tendencia de mellora dos niveis de ocupación hoteleira que se viña rexistrando no conxunto dos primeiros oito meses do ano desde 2013, mellorando en todo caso en dez puntos a cifra de 2012.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste período a cuarta cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado. Baleares e Canarias son os destinos que lideran o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal con máis do 76% de media en ambos. Seguen a C. Valenciana e Cataluña –ambas no contorno do 62%-. A media do conxunto de España sitúase no 61,4%.
- No conxunto dos primeiros oito meses do ano obsérvase certa mellora das tarifas hoteleiras en Galicia. En particular, increméntanse nun 2,3% en relación ao mesmo período do pasado ano situándose en 59,65 euros. Tal circunstancia non se reflicte en cambio nos niveis de rendibilidade empresarial. O RevPAR hoteleiro amosa unha leve caída –do 0,3%- provocada por un leve axuste da oferta e dos niveis de ocupación. A cifra sitúase en 28,9 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O ingreso total do sector hoteleiro en Galicia neste período de oito meses estímase en preto de 200 millóns de euros, cifra que descende nun 1,4% en relación ao mesmo período do pasado ano.

VERÁN 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Verán 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
VIAXEIROS	24.210.256	-0,2%	1.131.815	-12,4%
NOITES	89.092.486	-1,3%	2.625.811	-8,9%
ESTADÍA MEDIA	3,68	-1,2%	2,32	4,0%
% OCUPACIÓN	73,68%	-1,33	57,79%	-2,50

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- Nos meses de xullo e agosto deste ano 2018 Galicia rexistra unha caída dos niveis de demanda hoteleira en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados –un 12,4%, acadando máis de 1,13 millóns- e o volume de noites –un 8,9% neste caso, con preto de 2,63 millóns no conxunto da comunidade-.
- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos cinco anteriores. Tal circunstancia coloca o volume deste 2018 no máis baixo dos últimos tres anos mais fica por encima de toda a serie anterior.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é paralela rexistrando neste 2018 pouco máis de 1,13 millóns no conxunto da comunidade, a cifra máis baixa dos últimos catro anos.
- En termos de volume a variación tradúcese na perda de máis de 160 mil viaxeiros aloxados e de 256 mil pernoctacións en relación ao verán de 2017.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un leve descenso da demanda hoteleira –do 1,3%- provocado por un empeoramento da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense relativamente estable nos niveis do pasado ano.
- O comportamento da demanda a nivel das comunidades autónomas é moi dispar neste verán. En particular, sobe e mellora en oito delas –sendo Extremadura o destino que rexistra o crecemento máis intenso, do 6,4% en relación ao pasado ano-. No lado contrario é Baleares o destino de crecemento máis moderado, inferior ao 1% interanual.
- A demanda cae nas nove comunidades restantes, con menor intensidade en Castela e León e Murcia –menos do 1%- e de forma máis acusada en Galicia –cunha caída do 8,9% neste caso-.
- Similar comportamento se observa no lado dos viaxeiros aloxados, onde se aprecian variacións dispares. Oito delas melloran as cifras do pasado ano –encabezando Cantabria o ranking cun incremento do 8,3%-, mantense estable na C. Valenciana e descende nas oito restantes –sendo Galicia o destino coa caída máis notoria, do 12,4% neste caso-.

- Así pois, neste pasado verán Galicia marca o peor comportamento relativo da demanda a nivel estatal, rexistrando os descenso máis acusados tanto na cifra de viaxeiros aloxados coma no volume de noites.
- Baleares –con máis de 21,6 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste verán –absorbendo case a cuarta parte do total estatal-. Seguen en orde de importancia Cataluña, Andalucía, Canarias e a C. Valenciana. Estas cinco comunidades absorben o 82% do total da demanda estatal. O 18% restante repártese no resto do territorio con Madrid á cabeza. Galicia sitúase a continuación, no sétimo lugar, cunha cuota do 2,9%.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento negativo e homoxéneo aínda que con diferenzas de intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta unha leve caída do 1,3% provocada por un empeoramento da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable nos niveis do verán pasado. Este segmento xera, en esencia, máis de 527 mil noites, o 20% do total da comunidade.
- O suave descenso do turismo interno xa se producira o pasado ano 2017. Son, por tanto, dous veráns consecutivos de caída moderada do mercado turístico dos propios residentes na comunidade.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento negativo pero máis acusado, cun descenso do 10,5% no volume de noites hoteleiras –provocado en grande medida pola caída da cifra de viaxeiros españois, do 15,8% neste caso-. O descenso deste ano rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos desde o 2013 e deixa o nivel final en preto de 1,6 millóns de noites –a cifra máis baixa dos últimos tres anos-.
- O turismo internacional presenta tamén un comportamento negativo neste período. O volume de pernoctacións cae un 11,0% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 15,2%, nun contexto de mellora da estadía media.
- Este descenso rompe tamén cunha serie de crecementos consecutivos nos cinco anos anteriores, circunstancia que permitira acadar máximos históricos xustamente en 2017 con preto de 580 mil noites. A caída deste 2018 sitúa o nivel final en case 516 mil noites, a cifra máis baixa dos últimos catro anos.
- O 60% da demanda hoteleira corresponde ao turismo receptor nacional, segmento de maior peso neste período. O 40% restante repártese case a partes iguais entre o mercado interno e o internacional.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento semellante da demanda hoteleira. O volume de noites descende en todas as provincias se ben con diversa intensidade. A caída máis acusada rexístrase en Lugo cun 13,5%. Ourense, en cambio, presenta o descenso máis suave, de algo máis do 3%.
- Con algo máis de 1,2 millóns de noites hoteleiras, Pontevedra é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade durante o período estival –representando o 46,1% do total-.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 2,32 noites, cifra que supera nun 4,0% o dato do verán de 2017. É o terceiro ano consecutivo no que mellora a estadía media na

nosa comunidade durante o período estival, situando a cifra deste 2018 na máis elevada da década.

- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible, de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 4,7%-. Tal circunstancia ten como consecuencia que descenden os niveis de ocupación do sector –en 2,5 puntos porcentuais- ficando no 57,8% de media para o conxunto do verán.
- Cae o nivel de ocupación logo de acumular cinco anos consecutivos de crecemento durante o período estival. Con todo, a cifra deste verán fica como a segunda máis elevada da serie histórica –só por detrás do valor acadado xustamente o pasado ano-.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia sitúase nunha posición intermedia no ranking por nivel de ocupación. Baleares é o destino que rexistra a cifra máis elevada cun 89,9% de media. Segue Canarias cun 83,0% e logo Cataluña e a C. Valenciana cun 76% de media en ambas.